

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE OURENSE

SERVIZO DE FACENDA

EXTRACTO DO ACORDO DA CONVOCATORIA PÚBLICA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O EXERCICIO 2025 (EXPT.: 2025021602)

Extracto do acordo da convocatoria pública en réxime de concorrência competitiva de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais para o exercicio 2025 (expte.: 2025021602)

BDNS (Identif.): 843133

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/843133>)

Primeiro. Destinatarios

Son destinatarios desta convocatoria, nos termos establecidos no artigo 3 das bases:

- As asociacións e entidades validamente constituídas sen ánimo de lucro que realicen actividades de interese ou promoción social ou de utilidade pública e sexan de interese municipal.

Asemade, serán requisitos esixibles ás entidades, que cumprirán antes da data da proposta de concesión da subvención, ademais dos previstos con carácter xeral nos artigos 8 e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 11 e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os previstos na Ordenanza municipal de subvencións do Concello de Ourense.

- Que teñan sede social ou delegación no termo municipal do Concello de Ourense. Se terá en conta para determinar a sede social da entidade ou domicilio que figure nos estatutos desta. De terse modificado o domicilio social, se acreditará a modificación no rexistro que corresponda. En ningún momento se considerará sede social calquera dos locais municipais obxecto de cesión temporal co fin de desenvolver o programa, proxecto ou actividade para a que se pida a subvención establecida nas presentes bases.

- Que os seus estatutos teñan como obxectivos e finalidades principais a prestación de servizos sociais dirixidos a persoas colectivos en situación de vulnerabilidade social, coincidentes co obxecto da subvención.

- Que estean inscritas no Rexistro Único de Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS).

- Que consten inscritas no Rexistro de asociacións municipais ou no Rexistro de Fundacións estatal ou autonómico, ou acrediten ter solicitado a súa inscrición.



Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a financiar programas, proxectos ou actividades que, sendo considerados/as de interese, promoción social ou de utilidade pública para o Concello de Ourense, no campo dos servizos sociais, promovan as asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Estes programas, proxectos ou actividades deberán dirixirse de forma prioritaria a persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade social.

Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras estarán a disposición dos interesados na páxina web do Concello de Ourense www.ourense.gal.

Cuarto. Contía

A concesión das subvencións desta convocatoria será atendida con cargo á partida orzamentaria 140 2318 48900 “Convocatoria anual de subvencións de Benestar Social” do Orzamento municipal para o exercicio económico 2025 na contía de trescentos vinte e cinco mil euros (325.000,00).

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse, no modelo normalizado que se xunta (Anexo I), a través do Rexistro Electrónico, tal e como esixe o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen que poidan ser aceptadas outras formas de rexistro das dispostas no artigo 16.4 do mesmo corpo legal, e achegaraase a documentación requirida nas presentes bases reguladoras. O prazo de presentación será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, alternativamente, un recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se considere procedente.

Ourense, 20 de xuño de 2025. A concelleira secretaria da Xunta de Goberno Local.

Asdo.: Tamara Silva Cid.

R. 1.686

